

O goberno do PSOE en Madrid propón facilitar e abaratar o despedimento

Desde hai meses négóciase en Madrid unha nova Reforma Laboral entre as cúpulas dos empresarios, CCOO e UGT, negociacións nas que participa ocasionalmente o Goberno do Estado. O índice de materias está aberto para falar entre outras cousas de pensións, despedimento, subcontratación, flexibilidade de xornada ou negociación dos convenios. Insisten nun modelo sindical de negociación, no que a clase traballadora descoñece o alcance das propostas, non ten participación nin decisión. Trátase por tanto de desactivar calquera resposta contraria ou mobilizadora aos acordos. A teoría é: se non saben, non padecen nin presionan.

Proposta feita polo Ministerio de traballo para abaratar e flexibilizar o despedimento

- Con carácter xeral, reducir a indemnización a 33 días para todos os contratos fixos.
- Por causas económicas alegadas pola Empresa, non será necesario a autorización da Delegación de Traballo nin a tutela ou recurso xudicial, cando este acordado en convenio colectivo.
- Nos despedimentos por razóns organizativas, técnicas, económicas ou de produción, o Estado poderá pagar parte das indemnizacións nas empresas con menos de 50 traballadores (Despedimento subvencionado)
- No caso dun cesamento dunha auxiliar ou subcontrata pola Empresa principal, o persoal das auxiliares non tería dereito á indemnización.

COMO podemos ver, as iniciativas do Goberno pretenden animar os empresarios a despedir máis alegremente sen control xudicial nin da autoridade laboral. Abaratan e estimulan o despedimento para as empresas custeando parte das indemnizacións a cargo dos fondos públicos, pero a máis belixerante das propostas é a significativa discriminación co persoal das auxiliares. Pensemos no alcance desta medida cando hoxe o cadro de persoal das auxiliares resulta en moitos casos máis numeroso que o da propia principal. Esta proposta multiplica a condición precaria dos traballadores e traballadoras das contratas, xa con peores salarios, con máis xornada de traballo, peores condicións de xubilación e agora, só faltaría, sen indemnización por despedimento.

O PSOE con estas propostas dá continuidade á liña política do PP, e soamente pode explicarse esta

posición neoliberal desbocada contra a clase traballadora, pola derrota e punto morto na que queda a Constitución europea logo de ser rexeitada en Francia e Holanda. Precisamente era esta Constitución coa súa doutrina antisocial a que establecía as bases no ámbito europeo para as reformas máis profundas no mundo do traballo. Ante o fracaso desta Constitución, agora cada goberno debe dar a cara para cumprir as exixencias das multinacionais, é dicir, máis facilidades legislativas para sobreexplotar mellor e máis barato á clase traballadora.

Deben saber que esta reforma non será doada para eles, nin para os que participan nesta “Mesa de diálogo”. A clase traballadora, e fundamentalmente a galega, xa ten dado mostras suficientes da súa capacidade de resposta e mobilización a estas reformas.



Confederación Intersindical Galega

www.galizacig.com